



Rosalía en camiño

DIÁLOGOS LITERARIOS MULTILINGÜES · 2019

COLECTIVO DE POETAS DE BRUXELAS

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Edita:

Fundación Rosalía de Castro

Patrocinan:

- S. A. de Xestión Plan Xacobeo

- S. X. de Política Lingüística.

Consellería de Cultura e Turismo

Xunta de Galicia

Imprime: Gráficas Lasa (Padrón)

Dep. Legal: C 1226-2019

ISBN: 978-84-87668-45-6



Rosalía en camino

DIÁLOGOS LITERARIOS MULTILINGÜES · 2019

Introdución

Anxo Angueira

**Presidente da Fundación
Rosalía de Castro**

Rosalía en camiño, unha aposta de apertura e diálogo

A Fundación quere con este proxecto abrirse a unha nova dimensión nas súas actividades aproveitando o remuíño xerado no mundo da cultura en Galicia a partir da celebración do Xacobeo 2021.

Nas liñas fundamentais o que se pretende é promover a proxección internacional da lingua e da cultura galega a través da figura de Rosalía de Castro e dos seus vínculos do Camiño de Santiago nun proxecto novo, pero que vai procurar a permanencia no tempo.

6

Nesta primeira edición acollemos o **Colectivo de Poetas de Bruxelas**, entre os que figuran dous galegos que fan de ponte necesaria: Ramón Neto e Xavier Queipo. Trátase dun grupo multilingüe que ten unha notoria experiencia nos diálogos literarios internacionais. Este Colectivo entrará en contacto con Rosalía e o Camiño a través de tres xornadas nos tres grandes escenarios rosalianos e xacobeos intimamente relacionados:

- Padrón, berce do Xacobeo e da nosa autora.
- Santiago, capital do Xacobeo e da vida e da obra de Rosalía.
- Costa da Morte, final do Xacobeo e territorio da vida e da obra rosaliana: *La hija del mar* e a romaría da Virxe da Barca.

O Colectivo desenvolverá as súas accións poéticas en cada un destes escenarios á beira de poetas galegos e tamén á beira dos outros grandes autores do Rexurdimento: Pondal en Ponteceso e Curros no Panteón de Galegos Ilustres de Bonaval en Compostela. Unha nova proba da colaboración existente entre as tres Fundacións do Rexurdimento. A peregrinación do colectivo por Galicia, pola súa lingua, a súa cultura, a súa historia e a súa paisaxe, rematará na Casa de Rosalía, cun festival de música e poesía.

O libro que tedes entre as mans, quere deixar constancia deste diálogo literario e cultural multilingüe. Un libro en papel para que quede constancia física deste encontro, pero tamén un libro en versión electrónica para que poida ser lido en calquera parte do mundo e poida usarse como material didáctico nos centros de ensino.

7

Grazas ao Xacobeo 21 porque nos apadriña, pero especialmente ao “Collectif de poètes bruxellois” ou “Brussels Dichterscollectief” e a Xavier Queipo como coordinador que fan posible este milagre e que poñen a primeira pedra do proxecto ou, aínda mellor, dan o primeiro paso cara un horizonte de pluralidade e de diálogo á beira de Rosalía, dunha Rosalía tamén en camiño.

No camiño con Rosalía

Román Rodríguez González

**Conselleiro de
Cultura e Turismo**

No camiño con Rosalía

Rosalía de Castro non só é a nosa poeta fundacional, senón tamén a luminaria que nos guía dende hai século e medio. Todo está en Rosalía porque ela o foi todo: poeta extraordinaria, narradora de mérito, lúcida ensaísta e muller exemplar e sensible ás angueiras e desvelos do pobo galego.

Por tanto, volver aos versos rosalianos é regresar á casa común, mergullarse nas fontes das que se nutre a literatura galega contemporánea, pois non en van nos seus poemas vai inscrito o xenuíno ADN que nos configura.

10

A fama de Rosalía traspasa fronteiras e nela temos a máis internacional das nosas escritoras. Sábeno ben dende a fundación que leva o nome da autora e por iso promoven publicacións como esta colectánea *Rosalía en camiño*. *Diálogos literarios multilingües 2019*. E tamén son conscientes da universalidade da creadora Ramón Neto e Xavier Queipo, integrantes do Colectivo de Poetas de Bruxelas, tradutores e animadores desta antoloxía, que confirma, unha vez máis, o interese e a admiración que suscita nos lectores e escritores das máis variadas latitudes o territorio literario da Cantora do Sar.

Oito poetas cruzan os seus versos cos de Rosalía neste libro. Seis deles (Taha Adnan, Frank de Crits, Geert van Istendael, Serge Meurant, Silvia Vainberg e Bart Vonck) escollen textos da poeta que son vertidos ás súas linguas e, dende estas,


crean novos textos en diálogo coa autora de *Follas novas*. Os outros dous, Neto e Queipo, escriben composicións en galego conectadas coas da propia Rosalía. Uns textos traducidos por eles mesmos ao inglés e francés. O conxunto da achega duns e doutros é un mosaico de idiomas e sensibilidades que inclúe obras, ademais de nos idiomas citados, en árabe, neerlandés e castelán.

Velaí os sinais definitorios deste *Rosalía en camiño*: querenza compartida pola nosa autora máis universal, diálogo intercultural e unha gran creatividade. Partindo desta tríade, as persoas que compoñen o Colectivo de Poetas de Bruxelas ofrecen no libro unha mostra senlleira da súa arte, ao tempo que homenaxeán a máis grande das nosas voces, matriarca das letras galegas contemporáneas.

11

Desde a Consellería de Cultura e Turismo que me honro de dirixir congratulámonos pola aparición desta obra e transmitimos os nosos parabéns á Fundación Rosalía de Castro por promovela, pois sitúa a Rosalía no camiño das linguas e de Europa, vale dicir no Camiño dos camiños, a Vía xacobeá que nos une tamén coa Bruxelas da Grand Place, onde principia a ruta xacobeá que dende aquela cidade trae os peregrinos belgas a Compostela.

Oxalá este *Rosalía en camiño* descubra a moitos lectores bruxeleeses e non só a escrita sublime da nosa poeta. Será sinal de que o meritorio labor do Colectivo de Poetas de Bruxelas recolle o seu froito, de que os esforzos aquí concentrados pagaron a pena e de que deben ser continuados. Que así sexa e que, antes cedo que tarde, teña a ledicia de saudar novamente outras obras tan valiosas coma a presente.



COLECTIVO DE
POETAS DE BRUXELAS

**Nota de
presentación**

Non é a primeira vez que os poetas que viven en Bruxelas homenaxean a Rosalía de Castro. Xa en 2013, no Día de Rosalía, por iniciativa dos poetas galegos Ramón Neto e Xavier Queipo, xuntamos na desaparecida librería galego-portuguesa Orfeu, da man de Joaquim Pinto da Silva a un mando de poetas que leron textos de Rosalía de Castro en galego e castelán, por descontado, por seren as linguas da autora, mais tamén en francés, neerlandés, inglés, portugués, alemán, turco e xaponés. Agora estamos aquí, algo máis de media ducia de poetas do Colectivo de poetas de Bruxelas, chegados polo camiño da poesía, para render máis unha vez homenaxe a Rosalía, que é en definitiva render homenaxe á lingua e á literatura galegas. Facémolo a convite de Anxo Angueira, Presidente da Fundación Rosalía de Castro e coa axuda da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galiza que dirixe Valentín González Gómez. Ás dúas institucións e aos dous facilitadores desta viaxe, o noso agradecemento individual e colectivo. Dos que aquí están e dos que alá ficaron, mais son igualmente parte de nós, do Brussels Dichterscollectief / Collectif de poètes bruxellois.

14

Mais que é o Colectivo de poetas de Bruxelas? Cando e porqué xurdimos? Como? Ímolo explicar a seguir de xeito sucinto e recorrendo unha escolma dos nosos proxectos poéticos entre 2007 e 2019.

O Colectivo existe desde hai unha ducia de anos. Foi “Passa Porta”, a casa internacional das literaturas en Bruxelas, a que tomou a iniciativa. David Van Reybrouck e Peter Vermeersch puxérono a funcionar coa axuda dun reducido grupo de poetas de orixes, linguas e xeracións diversas até 2013 cando, por razóns de traballo, deixaron a súa función de coordinadores. Se ben é certo que a composición do grupo mudou cos anos, a diversidade é agora maior que nunca.

Nas rexións de lingua neerlandesa, existe a tradición rica e venerábel dos poetas da vila. Cada vila dun certo tamaño, de Amsterdam a Antuerpen, de Gante a Groninga, encárgalle a un poeta local escribir un número de poemas determinado por ano sobre cuestións relativas á vila. O Concello prevé un orzamento para o traballo do escritor encargado desa tarefa.

Nós pensamos que Bruxelas tiña dereito, pois, a contar co seu poeta. Bruxelas é unha das aglomeracións urbanas máis importantes do Benelux. Bruxelas é unha cidade e unha rexión, capital de Bélxica e de Europa e, igualmente, das comunidades francófona e neerlandófona. Esta condición non se pode manter á marxe da poesía.

Todos nós somos conscientes que Bruxelas é un caso excepcional na Europa. É unha vila-rexión que reconece como oficiais no seu territorio dúas das tres linguas nacionais. Ademais, moitos dos seus moradores son chegados de todos os horizontes posíbeis. Falan unha miríade das linguas que na terra resoan (do inuit ao malaí, do urdú ao lingala, do islandés ao quechua, por non falar de todas as linguas da Comunidade Europea). Todas esas linguas teñen unha tradición poética de seu. Daquela coidamos en pensar un xeito de reter eses milleiros de versos que circulan nas rúas de Bruxelas. Nomear un único poeta da cidade de Bruxelas non sería abondo. Bruxelas é moito máis rica, máis esixente. E foi así, dese xeito integrador da diversidade lingüística, que naceu o Collectif de poètes bruxellois / Brussels Dichterscollectief.

15

Ao inicio, o colectivo estaba composto por dous coordinadores e catro poetas : un rapeiro e artista de slam de orixe marroquí, unha poeta francófona, un poeta flamengo e un escritor galego. Hoxe, despois da súa reestruturación en 2013, o grupo foi medrando en número de compoñentes, linguas, culturas e todo o que fai a imaxe dunha Bruxelas plural: **Taha Adnan, Adolfo Barberá, Frank De Crits, Maarten Goethals, Geert**

van Istendael, Maky, Manza, Serge Meurant, Ramón Neto, Anne Penders, Xavier Queipo, Elke de Rijcke, Kader Sevinç, Silvia Vainberg, e Bart Vonck. Poetas todos bruxelese, por teren nacido aquí ou por adoptaren a cidade como súa.

O texto máis importante dunha democracia como Europa debe ser a súa Constitución. Así, co apoio dunha cincuentena de poetas chegados de todos os estados membros da Unión Europea e poetas exiliados en Europa pola forza da inxustiza, escribimos a Constitución Europea en verso en 23 linguas. Presentamos a Constitución ao gran público, en primeiro lugar en Bruxelas e despois en Berlín, Erfurt, París, Praga, Weimar e Iereván. No 2019 será a quenda de Luxemburgo.

16

Cada ano, ducias de homes e mulleres morren na rúa: pobres de solemnidade, vagabundos, desesperados e alienados de toda orixe e condición. Cada ano celébrase nun salón do Concello da Vila de Bruxelas unha cerimonia de conmemoración e de respecto por esas vítimas da exclusión. Cada ano o Colectivo de poetas de Bruxelas está presente nesa cerimonia. Temos escrito así, desde 2009, ladaíñas compostas de pequenas meditacións ou evocacións poéticas en memoria das persoas falecidas nas rúas de Bruxelas.

Os nosos versos escoitáronse nos teatros e centros culturais máis importantes de Bruxelas (La Monnaie / De Munt, Bozar, Flagey, Kaaitheater, Varia), en librerías internacionais, en centros culturais de diversos países da Europa e salas de espectáculos; e, nos tres últimos anos (2016-2018), recitamos os nosos versos no Festival Brosella Folk & Jazz. Temos desenvolvido outros proxectos como os poemas ferroviarios *Hurray for Delay* (2011), Bruxelles Grand Crú (2012) ou os poemas eróticos presentados no Festival Passa Porta (2015). Ademais, de xeito colectivo, fixemos unha lectura pública

dos nosos poemas creados para a ocasión con motivo da homenaxe aos afectados polos atentados de Bruxelas en 2016.

En 2015 lanzamos o programa *Passages*. Conciliamos entón os principios de base do Colectivo: tender pontes que faciliten as pasaxes (passages) entre as culturas, as linguas e as súas tradicións poéticas. Saímos así ao encontro de catro comunidades de Bruxelas, a sufi, a grega, a turca e a bérbere. Quixemos que a nosa poesía irmandara a súa. Era a súa poesía a que debía brillar nos ceos agrisados de Bruxelas.

Procuramos así unha resposta a dúas cuestións ben precisas: Como a poesía, escrita e oral, contribuíu afrontar os distintos exilios en Bruxelas? Como esta poesía se puido manter e emerxer nun lugar para a que non estaba en principio destinada? O resultado foi escoitado por ducias de persoas na Igrexa de Saint-Jean Baptiste, en pleno corazón de Molenbeek.

17


Non é preciso ser un grande coñecedor de Bruxelas para se dar de conta que esta nosa cidade representa unha fonte inesgotábel de estímulo creativo e a polifonía de voces dos poetas do Collectif de poètes bruxellois / Brussels Dichterscollectief continuará a ser audíbel nas súas rúas.

Bruxelas, maio 2019


O método de traballo

Cada un dos poetas escolleu un poema de Rosalía, quer a partir do orixinal (cando podía ler galego ou castelán) quer a partir das varias versións dispoñíbeis en tradución. Tomando ese poema (ou poemas) como punto de partida, escribiron na lingua de seu un poema, ou varios poemas curtos, coa intención de dialogar, de xeito máis ou menos explícito, co texto rosaliano. Eses poemas foron vertidos ao galego por Ramón Neto e Xavier Queipo.

O obxectivo desta coetánea dos poetas do Brussels Dichterscollectief / Collectif de poètes bruxellois é render homenaxe a Rosalía de Castro na súa terra, recitando os versos rosalianos noutras linguas e presentando os autores bruxelese os seus propios poemas como xeito de dialogar coa nosa poeta. Nin máis nin menos.



Diálogos



Taha Adnan

Taha Adnan (1970) medrou en Marrakech e mora desde 1996 en Bruxelas, onde traballa no Ministerio de Educación francófono (Ministère de l'enseignement francophone). É membro da Union des écrivains du Maroc e do Colectivo de poetas de Bruxelas. Unha tradución francesa do seu primeiro libro de poemas *Transparences* apareceu en 2006 na editorial L'Arbre à Paroles en Liexa. O seu libro de poemas *Akrah al-hob* (*Je hais l'amour*), editado en Beirut en 2009, foi traducido ao francés e ao español. O texto teatral *Bye Bye Gillo* foi publicado en 2013 nas Editions Elyzad en Túnez. O seu último libro de poesía, *Ton sourire est plus doux que le drapeau national*, apareceu nas éditions Al Mutawassit (Milan, 2016).

ADIOS RIOS, ADIOS FONTES

*Adios, ríos; adios, fontes;
adios, regatos pequenos;
adios, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos.*

Poema de
Cantares Gallegos,
1863

Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei,

prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento,

muiño dos castañares,
noites craras de luar,
campaniñas trimbadoras
da igrexiña do lugar,

amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
adios, para sempre adios!

Adios gloria! Adios contento!
Deixo a casa onde nacín,
deixo a aldea que conoso
por un mundo que non vin!

Deixo amigos por estraños,
deixo a veiga polo mar,
deixo, en fin, canto ben quero...
Que pudera non deixar...!

وداعًا أيتها الأنهار، وداعًا أيتها الينابيع

روساليا دي كاسترو

ترجمة من الفرنسية: طه عدنان

وداعًا أيتها الأنهار، وداعًا أيتها الينابيع
أيتها الجداول الصغيرة... إنه الفراق
وداعًا يا نور عبوني
ومتى قد يحين التلاق؟

بلادي، بلادي
أرضي التي بها نشأت
روضتي التي بها ولعنت
وما غرست من شجيرات التين.

مروج، أنهار، بساتين
عروش الصنوبر تهدهدها الريح
صغار الأطيار مغردة
يا لمرتج بهجتي الفسيخ.

طاحونة بين شجر الكسنةاء
صفاء اكتمال البدر في الظلماء
رنين الأجراس الصغيرة
لكنيسة القرية.

ثمار العليق
أهديها لحبيبتني
الممرات بين حقول الذرة
أودعها وداعًا... وإلى الأبد.

وداعًا أيتها الجنة! وداعًا أيتها البهجة!
إنني أهرج مسقط رأسي
وقربتني الأليفة
إلى عالم مجهول!

أهرج صخبي من أجل أغراب
سهلي الخصيب من أجل العباب
أهرج كل ما أعشق
يا ليتني أقوى على درء الغياب!

Mais son probe e, malpecado!,
a miña terra n'é miña,
que hastra lle dan de prestado
a beira por que camiña
ó que naceu desdichado.

Téñovos, pois, que deixar,
hortiña que tanto ameí,
fogueiriña do meu lar,
arboriños que pranteí,
fontiña do cabañar.

Adios, adios, que me vou,
herbiñas do camposanto,
donde meu pai se enterrou,
herbiñas que biquei tanto,
terriña que nos criou.

Adios Virxe da Asunción,
branca como un serafín;
lévovos no corazón:
Pedídelle a Dios por min,
miña Virxe da Asunción.

.....

Xa se oien lonxe, moi lonxe,
as campanas do pomar;
para min, aí!, coitadiño,
nunca máis han de tocar.

غير أنني بئسُ وفقيرُ
أرضي لم تُعُدْ ملكي،
وعليه أن يستعيرُ
حتى الدرب الذي يسلكه
من وُلِدَ مُعَدِّمًا مثلي.

عليَّ أن أهجركم
مدفأة بيتي
ومروجي الحبيبة
شجرًا غرسه
ومُورد الزريعة.

وداعًا، إنِّي راحلُ
يا عشب المقبرة
حيث يرقد أبي،
يا عشبًا طالما حضنته
ويا أرضًا عزيزةً حضنتني.

25

وداعًا عذراء الصعود إلى السماء
يا بيضاء مثل ملائكة
إنِّي أحملك في قلبي
كوني لي شفيعةً عذرائي
يا عذراء الارتقاء.

نسمعها أبعد فأبعد
جلجلة الأجراس في البستان
أه، يا لحسرتي
لن تُجَاجِلَ بعد الآن.

Xa se oien lonxe, máis lonxe
Cada balada é un dolor;
voume soio, sin arrimo...
Miña terra, adios!, adios!

Adios tamén, queridiña!...
Adios por sempre quizais!...
Dígoche este adios chorando
desde a beiriña do mar.
Non me olvides, queridiña,
si morro de soidás...
tantas légoas mar adentro...
Miña casiña!, meu lar!

نسمعها أبعد فأبعد
كلُّ رنينٍ شجنٌ
وأنا أرحل وحيداً وبلا سندٍ
فوداعاً، وداعاً أيُّ هذا البلد.

وداعاً حبيبتي
وداعاً، ربّما مدى الدهر
أودّعك باكياً منتحباً
من على ساحل البحر.

لا تسلي عني حبيبتي
إذا ما متُّ من اللوعة
على بعد فراسخٍ في لجة المحيط
يا مسكني... يا منزلي البسيط!

Traducido ao árabe por
Taha Adnan a partir de
senllas traducións francesas
de **José Carlos González** e
Ramón Neto

وداعاً أرضي... يا وطني وداعاً

طه عدنان

خرجوا مثل يونس
من جَوْفِ الحوت
كأبطالٍ خرافيين
في فيلمٍ واقعيٍّ
(الكاستينغ فيه مُرْتَجَلٌ)
يَلْفِظُهُمْ مَوْجُ النَّبْه
إلى برِّ المتاهة
جثثاً وَخِيالاتٍ
تَصْطَادُهُم الكاميراتُ
غرقى
أو طافينَ
على ألواحِ القيامة
لنَعْرِضَهُمْ على موائدِ العشاءِ
والسهرة
صُوراً
وسيناريوهاتٍ سائغةٍ
تُضْفِي عليها الترجمةُ المُتَبَلَّغةُ
عناصرَ الإثارة

يَخْرُجُ الكومبارس تَبَاعاً
من البحر
يَنْقُضُونَ عن أعمارهم
بقايا الرِّصاص
والديناميت
وعن ذاكِرتهم
أسماءَ القتلى
ويحلمون بحياةٍ
أقلَّ موتاً

ADEUS, TERRA! PATRIA, ADEUS!

Como Xonás
heroes lendarios
saídos das entrañas da balea
nunha película realista
con reparto improvisado
cuspidos polas vagas da errancia
cara á dedálea terra
cadáveres e siluetas
perseguidos polas cámaras
afogados
ou flotando sobre as táboas do apocalipse
para presentalos
nas mesas da cea
e da noite
imaxes
e guións deleitosos
que unha tradución ben adobada ameniza
con artificios sensacionalistas

Un a un os figurantes saen
do mar
ceibando as súas existenciais
de restos de balas
e de explosivos
e a súa memoria
dos nomes dos mortos
soñando unha vida
menos asasina

بِلا حَقَائِبَ هَرَبُوا
 مِنْ وَطَنِ لَمْ يَعْذُ وَطَنًا
 حَيْثُ:
 الْبَرَابِرَةُ النِّيُوسَتَايِلُ
 يَمْتَنِّقُونَ السِّيُوفُ
 وَرَشَّاشَاتِ الْكَلَّاشْنُكُوفُ
 مُبَشِّرِينَ بِالْخَرَابِ
 يَنْتَعِلُونَ النَّايِكَ وَالْأَدِيدَاسِ
 وَيَغْتَصِبُونَ السَّبَابَا
 مِنْ مَخْتَلَفِ الْأَقْلِيَّاتِ
 فَقَهَاءُ مَا بَعْدَ الْحُثَالَةِ
 يَتَحَدَّثُونَ اللَّغَاتِ الْحَيَّةِ
 مُتَوَعِّدِينَ بِالْمَوْتِ
 يَتَهَجَّوْنَ الْأَحَادِيثَ الصَّحِيحَةَ
 بَعْرَبِيَّةٍ مُعْتَلَّةٍ
 مَرَّسُومَةٍ بِحَرْفٍ لَاتِينِيَّ
 وَهُمْ يَلْهُوْنَ بِالْهَوَاتِفِ الذَّكِيَّةِ
 وَالْبَرَامِيلِ الْمَوْقُوتَةِ

أَنْتِ الْآنَ حَيٌّ
 اَمْحُ أُسَارِيرَ الْمَوْتِ عَنْ وَجْهِكَ
 وَارْسُمِ تَعَابِيرَ الْأَمَانِ
 أُرِيدُكَ مُنْشَرَحًا
 مُبْنَهَجًا
 رَكِبْتَ مَعَ فَائِضِ الْحُمُولَةِ
 فِي قَطَارِ الْعَمْرِ
 فَتَشَيَّبَتْ بِدَوْرِ الْبَطُولَةِ
 أَبْيَا الْكُومْبَارَسِ
 وَلَا تَحْفَلْ بِالْخَارِطَةِ
 كُنْ سَعِيدًا
 لِأَنَّكَ الْآنَ حَيٌّ وَبَعِيدٌ

Sen equipaxe fuxiron
dunha patria
que xa non é
onde
os bárbaros new style
desenvaíñan sabres
branden kalashnikovs
anuncian a pillaxe
calzados con Nike ou Adidas
e violan prisioneiras de guerra
de diversas minorías
xeques da post-mediocridade
que falan linguas vivas
e ameazan de morte
tateando hadiths auténticos
nun árabe rengueante
transcrito en alfabeto latino
mentres se divirten con smartphones
e barrís de explosivos

31

Estás vivo agora
borra as trazas da morte
da túa faciana
mostra a expresión da quietude
quero verte ledo
exultante
tomaches o tren da vida
con excedente de equipaxe
aferrándote ao papel do heroe
oh figurante
despreocúpate do mapa
sé feliz
porque agora estás
lonxe e vivo

أَيُّهَا الْكُومْبَارْس
اجْمَعِ مَا تَنَاطَرُ
مِنْ أَزْرَارِكَ
وَأَعْضَانِكَ
ضَعُفُهَا فِي كَيْسٍ مَشْغُولٍ
مِنْ جُلُودِ الْقَتْلَى
وَحَدِّقْ فِي عَيْنِ الْكَامِيرَا
سُحُورُكَ إِلَى بَطْلٍ
رَغْمِ أَنْفِ الْهَزِيمَةِ

كَيْفَ طَوَّيْتَ عَشْرَةَ بِلْدَانٍ
فِي أَقَلِّ مِنْ شَهْرٍ؟
كَيْفَ كُنْتُ مُحَاصِرًا بِالْمَاءِ
فِي رَحْلَةِ الْعَطَشِ الْكَبِيرِ
إِلَى مُدُنِ الرَّمَادِ؟

كَأَيِّ مُوسَى زَائِفٍ
خَطَّطْتُ أُمِّي
دُونَ سَابِقِ وَحْيِي
قَذَفْتَنِي فِي التَّابُوتِ
فَقَذَفْتَنِي فِي الْيَمِّ
فَالْقَانِي الْيَمُّ بِالسَّاحِلِ
لَتَأْخُذْنِي الْآنَ
عَلَى حِينِ غِرَّةٍ
تُرْدِينِي قِصَّةَ مَصُورَةٍ
قِصَّةَ مَزُورَةٍ
وَلَا أُدْرِي
هَلْ أَنْتَ عَدُوٌّ
أَمْ صَدِيقٌ؟

oh figurante
recolle os anacos ciscados
de botóns
e órganos
méteos nun saco
feito coa pel dos mortos
e olla a cámara de fronte
faremos de ti un heroe
a pesar da derrota

como atravesaches dez países
en menos dun mes?
como cercado polas augas
realizaches o periplo da grande sede
cara as cidades de cinza?

Como un pseudo Moisés
a miña nai urdiu o seu plan
sen previa revelación
meteume na cesta
lanzoume ás augas
e as ondas trouxéronme á ourela
para que agora me collas
desprevido
e me reduzas a historia ilustrada
a falsa historia
até non saber
se es inimigo
ou amigo

أنا يونس
لا أهل لي
لفظني مَوْجُ البحر
وخذلثني شَجِيرَةُ الْيَقُطِينِ
سأحدثكم
عن غابة السيوف
تحتلُّ شَجَرَ العائلة
سأحدثكم
عن الكلاب
تأكلُ الجُنث
عن رائحة المَوْتِ
في الطُرُقَاتِ
سأحدثكم
عن الحرب

أما الأهل

.....

نحنُ الأهلُ
هرَبْنَا من مهرجان القتل
حيثُ الدَّبابُ يُعْطِي
حلبة الرِّقص

فيما الوطن

.....

راح الوطن
تناهتُ العقائدُ
وعمره العُزاة.


Taha Adnan

Eu son Xonás
sen familia
cuspido polas ondas do mar
traizoado polo cabaceiro
falareivos
do bosque de sabres
ocupando as árbores xenealóxicas
falareivos
dos cans
devorando cadáveres
do cheiro a morte
nas estradas
falareivos
da guerra

E os civís
.....
nós somos os civís
fuxidos do festival da masacre
e da súa pista de danza
ateigada de moscas

Mentres que a patria
.....
a patria xa non existe
saqueada por dogmas
habitada por invasores.

Traducido por **Ramón Neto** a
partir das traducións francesas
de **Mohamed Khmassi** e
Catherine Charruau



Frank de Crits

Frank de Crits naceu o 24 de decembro de 1942 e mora en Bruxelas desde 1961. Publicou oito libros de poesía e dous ensaios sobre literatura en Bruxelas. Traduciu ao neerlandés varios poetas francófonos de Bélxica. Membro fundador do Festival Passa Porta. Durante trinta anos foi secretario dos “Midis de la poésie”. A súa poesía trata da vida cotiá e de todo aquilo que acontece no día a día.

Aquel rumor de cántigas e risas,
ir, vir, algarear;
aquele falar de cousas que pasaron
i outras que pasarán:
aquela, en fin, vitalidade inquieta
xuvenil, tanto mal
me fixo que lles dixen:
ivos e non volváis.

Poema de
Follas Novas,
1880

Un a un desfilaron silenciosos
por aquí, por alá,
tal como cando as contas dun rosario
se espallan polo chan:
i o rumor dos seus pasos, mentres se iñan
de tal modo hastra min veu resoar,
que non máis tristemente
resoará quisais
no fondo dos sepulcros
o último adiós que un vivo ós mortos dá.

I ó fin soia quedei, pero tan soia
que hoxe da mosca o inquieto revoar,
do ratiño o roer terco e constante,
e do lume o chis chas,
cando da verde ponla
o fresco sugo devorando vai,
parece que me falan, que os entendo,
que compañía me fan;
i este meu corasón lles di tembrando:
—Por Dios...! Non vos vaiáis!

Que doce, mais que triste,
tamen é a soledad!

Het gedruis van gelach en gezang,
het geraas van komen en gaan;
het geklets over al wat voorbij
is of weldra voorbij zal zijn:
en ook nog die onrust en die kracht
van leven en jeugd die me pijn
deed, zodat ik het uitschreeuwen moest:
pak je weg, en kom niet meer weer.

Traducido ao
neerlandés
por **Bob de Nijs**

En stil, de één vóór, de ander na,
verzwonden ze, de kralenkrans
die valt en uiteenspat op de vloer
en, hierlangs, daarlangs, wordt verstrooid:
terwijl ze gingen, drong het geluid
van hun stappen nog tot me door,
en treuriger kon hun klank wellicht
niet zijn dan het laatste vaarwel
dat doden op de bodem van het graf
door levenden wordt nagezegd.

Uiteindelijk was de eenzaamheid
van mij ! ... de rusteloze vlucht
van de vlieg, het voortdurend geknaag
van muizen, geknetter van vuur
dat sap van groene takken opvreet,
vertellen hoe eenzaam 'k wel ben ;
het is net of ze spreken me toe,
of ik hen begrijp, of ze mijn
gezelschap zijn, en mijn bevend hart
roept nu : – Ga in godsnaam niet weg !

Hoe heerlijk is eenzaamheid toch,
doch hoe droevig terzelfdertijd!

DE EENZAAMHEID

de eenzaamheid ziet je wel zitten
wanneer je daar alleen aan een tafeltje
een glas wijn drinkt in het mooiste café
van de hoofdstad

de eenzaamheid vindt het niet leuk
wanneer je gezelschap zoekt en een
poging doet om met iemand te praten
dat is tegen de regels

de eenzaamheid houdt van het holst
van de nacht wanneer je slapeloos ligt te
woelen en het einde niet gewaar wordt
ze waakt over je

40

de eenzaamheid hoor je niet ze is stil
wanneer je ontbijt met zwarte koffie
de krant van de dag neemt en begint te
lezen dan sluipt ze jaloers weg

Frank de Crits

A SOIDADE

a soidade vaiche ben
sentado alí só cunha copa de viño na man
nunha mesiña do máis lindo café
da capital


á soidade non lle fai graza
que procures compañía e tentes
achegarte a falarlle a alguén
iso vai contra as regras

á soidade gústalle que en pleno
medio da noite fiques esperto
dando volta tras volta na cama
ela vela por ti

a soidade fica en silencio
cando tomas o almorzo con café negro
e te dispós a ler o xornal do día
entón lisca celosamente

41

Traducido do neerlandés
por **Ramón Neto**



Geert van Istendael

Geert van Istendael (Ukkel/Bruxelas 1947). Estudos: socioloxía e filosofía. Traballou na Fundación Nacional para as Investigacións Científicas. Tema: Planeamento urbanístico e rural. Traballou durante quince anos como xornalista do telexornal neerlandófono en Bélxica. Desde 1993 é escritor independente. Residiu en Bruxelas de 1980 até 2017. Actualmente, mora nunha localidade próxima á fronteira lingüística onde continúa escribindo relatos, poesía, contos de mouras, novelas e panfletos. Traduciu Brecht, Goethe, Heine, Hölderlin, Rilke, Brel e Prévert. Presidente honorario do PEN-Flandes. Membro fundador do Colectivo de Poetas de Bruxelas.

¡NIN ÁS ESCURAS...!

I

–Todo está negro, as sombras envolven a vereda
e nin o ceu ten ollos, nin o pinar ten lingua.

Poema de
Follas Novas,
1880

Vamos! Do que hai oculto, quen mideu as fonduras?
Alma n´habrá que sepa...! Ven...!, a noite está escura.

–Escura...?, mais relumbra non sei que luz traidora...
–É unha estrela que brila, nas augas bulidoras.

–E non oies que runxe algo onda aquel herbal?
–É o vento que anda tolo, correndo antre a follax.

–Escoita, sinto pasos e asoma seica un vulto...
–Se é un vivo, matarémo-lo!, non fala se é difunto.

–Mais aquí onde este cómaro hai unha cova fonda;
ven, e santos ou deños, que nos atopen ora.

II

A donde irei conmigo? Donde me esconderei
que xa ninguén me vexa i eu non vexa a ninguén?

A luz do día asómbreme, pásname a das estrelas
i as olladas dos homes na ialma me penetran.

I é que o que dentro levo de min, penso que ó rostro
me sai cal sai do mare ó cabo un corpo morto.

Houbera e que saíra...! Mais non: dentro te levo,
fantasma pavoroso dos meus remordementos!

Na páxina
seguinte,
tradución ao
neerlandés
de **Geert van
Istendael**

ZELFS NIET IN HET DUISTER

I

– Alles is zwart, schaduwen verhullen het pad
en het oog van de hemel ziet niet, de tong van de dennen spreekt niet.

We gaan! Wie meet de diepte van het verborgene?
Niemand die het weet! Kom...! De nacht is duister.

– Duister...? Maar er glinstert een ik weet niet wat voor verraderlijk licht...
– Het is een ster die flikkert in woelig water.

– En hoor je dat geluid niet, daar, in de struiken?
– Het is de wind die dwaas door het gebladerte rent.

– Luister, ik hoor stappen, daar staat iets, denk ik...
– Als het leeft, slaan we het dood; wat dood is, kan niet spreken!

45

– Maar hier, bij die heuvel, is een diepe holte:
kom, en, duivels of heiligen, dat ze ons maar eens vinden!

II

Waar moet ik heen? Waar zal ik wegkruipen,
zodat niemand me ziet en ik niemand zie?

Het daglicht verbaast me, het licht van de sterren onthutst me
en de blikken van de mensen dringen binnen in mijn ziel.

En wat in mij schuilgaat, kun je zien, denk ik, op mijn gezicht,
zoals na tijden, op zee, een lijk komt boven drijven.

Als het maar boven kwam! Maar nee, jij bent in mij,
schrikbarend spook van mijn wroeging!

TEGENZANG


- Ik ben van glas, gewapend glas, ik heb niets te verbergen.
- Geen stoot die mij aan scherven slaat, geen troebele damp die mij beslaat, elk mens mag in mij kijken.
- Geen barst, geen haarscheur schiet door mij, niets kan het zicht belemmeren. Mijn diepe hoogglans oppervlak, mijn transparante diepte, miljarden mogen gluren.
- Geen zwart geheim broedt in mijn brein, ik ben totaal doordringbaar.
- Mijn hooggeprezen helderheid, mijn ik is altoos bruikbaar. Behandelbaar, verhandelbaar, beschikbaar en voorspelbaar.
- En nooit trekt er een wolk voorbij, verdriet is overleden. Op volle zee zijn as verspreid, verdronken en vergeten.
- Beschouw mijn smetteloze raam, betreed mijn spiegeland ijspaleis. Herken mij, volg mij, duim omhoog, verspreid mij als een virus.
- Gezondheid blaakt, eenieder waakt, wij wandelen in eeuwigheid door rimpelloze zaligheid.
- En alle ogen tranen.

Geert van Istendael,

Sint-Joris-Weert, België, 26.IV / 01.V.19

ANTÍFONA

- Estou feito de vidro, de vidro armado, nada teño que ocultar.
- Ningún golpe me escacha, ningún bafo avolto me turba, todo o mundo pode ollar ao interior de min.
- Ningunha fenda, ningunha fisgoa me atravesa, nada pode obstruír a vista. A miña profunda superficie brillante, a miña transparente profundidade, calquera a pode espiar.
- Ningún negro segredo abrolla no meu cerebro, son totalmente permeábel.
- A miña lucidez altamente eloxiada, o meu eu sempre utilizábel. Tratábel, negociábel, dispoñíbel e previsíbel.
- E nunca pasa unha nube, morreu a dor. As súas cinzas en alta mar espalladas, afogadas e esquecidas.
- Contempla a miña fiestra impecábel, penetra no meu espellante pazo de xeo. Recoñéceme, ségueme, así se fai!, espállame como un virus.
- A saúde resplandece, cadaquén vixía, camiñamos perpetuamente nunha felicidade sen engurras.
- E todos os ollos esbagoan.



Serge Meurant

Serge Meurant naceu en Ixelles (Bruxelas) en 1946. Autor dunha trintena de libros, practica desde mozo a escritura poética como un exercicio vital. Colaborou asemade con pintores, escultores, fotógrafos, músicos e cineastas. Dirixiu durante o período 2000-2010 o Festival internacional de cinema documental “Filmer à tout prix”.

<http://sergemeurant.be>

CASTELLANOS DE CASTILLA

*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros.*

Poema de
Cantares Gallegos,
1863

– Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.

Aquel máis que neve branco,
aquel de dosuras cheio,
aquel por quen eu vivía
e sin quen vivir non quero.

50

Foi a Castilla por pan,
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento.

Déronlle, en fin, canto amargo
ten a vida no seu seo...
Castellanos, castellanos,
tendes corazón de ferro!

Ai!, no meu corazonciño
xa non pode haber contento,
que está de dolor ferido,
que está de loito cuberto.

Morreu aquel que eu quería,
e para min n'hai consuelo:
solo hai para min, Castilla,
a mala lei que che teño.

CASTILLANS DE LA CASTILLE

*Castillans de la Castille,
traitez bien les Galiciens;
quand ils partent, ils partent comme roses;
quand ils reviennent, ils reviennent comme des noirs.*

– Quand il est parti, il souriait;
quand il est revenu, il revenait en mourant;
la lumière de mes yeux,
l'amant de mon coeur.

Lui, plus blanc que la neige,
lui, plein de douceur,
lui pour qui je vivais
sans lequel je ne veux pas vivre.

51

Il est parti à Castille pour gagner son pain,
ils lui ont donné sisymbres;
ils lui ont donné du fiel comme boisson,
des pénuries comme aliment.

Ils lui ont donné, enfin, combien d'amertume
à la vie dans sa poitrine...:
Castillans, Castillans,
vous avez un coeur en fer!

Aïe!, dans mon coeur
il ne peut plus y avoir de joie,
parce qu'il est blessé par la douleur,
parce qu'il est couvert par le deuil.

Il est mort celui qui j'aimais,
pour moi il n'y a pas de consolation:
il y a seulement pour moi, la Castille,
la haine que je te porte.

Premita Dios, castellanos,
castellanos que aborrezo,
que antes os gallegos morran
que ir a pedirvos sustento.

Pois tan mal corazón tendes,
secos fillos do deserto,
que si amargo pan vos ganan,
dádesllo envolto en veneno.

Aló van, malpocadiños,
todos de esperanzas cheios,
e volven, aí!, sin ventura,
con un caudal de despresos.

Van probes e tornan probes,
van sans e tornan enfermos,
que anque eles son como rosas,
tratádelos como negros.

Castellanos de Castilla,
tendes corazón de aceiro,
alma como as penas dura,
e sin entrañas o peito!

En trós de palla sentados,
sin fundamentos, soberbos,
pensás que os nosos filliños
para serviros naceron.

E nunca tan torpe idea,
tan criminal pensamento
coupo en máis fatuas cabezas
ni en máis fatuos sentimentos.

Permet Dieu, Castellans,
des castillans que je déteste,
que les Galiciens meurent
avant que d'aller vous demander de la nourriture.

Car vous avez un si mauvais coeur,
enfants secs du désert,
que si un pain amer ils vous gagnent,
vous le leur donnez enveloppé avec du poison.

Là tous partent, affligés,
tous pleins d'espérances,
et reviennent: aïe!, sans bonheur,
avec un courant de mépris.

Pauvres ils partent et ils reviennent pauvres,
ils partent sains et malades ils reviennent,
que, bien qu'ils soient comme des roses,
vous les traitez comme des noirs.

Castillans de la Castille,
vous avez un coeur en acier,
l'âme comme les roches dure,
et sans entrailles dans la poitrine!

Dans des trônes de paille assis,
sans fondements, prétentieux,
vous pensez que nos enfants aimés
pour vous servir sont nés.

Et jamais une idée si maladroite,
une pensée si criminelle
n'est entrée dans têtes si présomptueuses
ni dans des sentiments si présomptueux.

Que Castilla e castellanos,
todos nun montón, a eito,
non valen o que unha herbiña
destes nosos campos frescos.

Solo pesoñasas charcas
detidas no ardente suelo,
tes, Castilla, que humedezan
esos teos labios sedentos.

Que o mar deixoute olvidada
e lonxe de ti correron
as brandas auguas que traen
de prantas cen semilleiros.

Nin arbres que che den sombra,
nin sombra que preste alento...
llanura e sempre llanura,
deserto e sempre deserto...

Esto che tocou, coitada,
por herencia no universo,
miserable fanfarrona!...
triste heirencia foi por certo.

En verdad non hai, Castilla,
nada como ti tan feio,
que aínda mellor que Castilla,
valera decir inferno.

Por que aló foches, meu ben?
Nunca tal houberas feito!
Trocar campiños frolidos
por tristes campos sin rego!

Que Castille et les castillans,
tous dans un tas informe,
ne valent pas plus qu'un brin d'herbe
de ceux qu'ont nos champs pleins de fraîcheur.

Seulement de vénéneuses mares
stagnantes sous le sol ardent,
tu as, Castille, qui humidifient
tes lèvres sèches.

Que la mer t'a laissé oubliée
et loin de toi ont couru
les eaux molles qui apportent
des plantes cent semences.

Ni les arbres qui te donnent de l'ombre
ni l'ombre qui rend de l'haleine...
la plaine et toujours la plaine,
le désert et toujours le désert...

Cela est ta dot, malhereuse,
par hérédité dans l'univers;
misérable fanfaronne...!,
triste hérédité ce fut, au fait.

En vérité il n'y a pas, Castille,
de chose aussi laide que toi,
qui encore mieux que Castille
il vaudrait mieux.

Pourquoi là-bas es-tu parti, mon bienaimé?
Ça tu n'aurais jamais dû le faire!
Changer des champs fleuris
pour de tristes champs sans irrigation!

Trocar tan craras fontiñas,
ríos tan murmuradeiros
por seco polvo que nunca
mollan as bágoas do ceo!

Mais, aí!, de onde a min te foches
sin dor do meu sentimento,
i aló a vida che quitaron,
aló a mortíña che deron.

Morreches, meu queridiño,
e para min n´hai consuelo,
que onde antes te vía, agora
xa solo unha tomba vexo.

Triste como a mesma noite,
farto de dolor o peito,
pídolle a Dios que me mate,
porque xa vivir non quero.

Mais en tanto no me mata,
castellanos que aborrezco,
hei, para vergonza vosa,
heivos de cantar xemendo:

*Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos;
cando van, van como rosas;
cando vén, vén como negros!*

Changer de si claires fontaines,
des fleuves qui murmurent gentiment,
pour de la poussière sèche que les larmes
du ciel ne mouillent jamais!

Mais, aïe!, de mon côté tu es parti
sans deuil de mon sentiment,
et là-bas la vie ils t'ont enlevé,
là-bas la mort ils t'ont donné.

Tu es mort, mon amour,
et pour moi il n'y a pas de consolation
qu'à l'endroit où je te voyais,
maintenant seulement une tombe je vois.

Triste comme la nuit elle-même,
fatiguée ma poitrine par la douleur,
je prie Dieu qu'il me tue,
parce que je ne veux déjà plus vivre.

57

Mais tant qu'elle il ne me tue pas,
castillans que je déteste,
je dois, pour honte votre,
je dois vous chanter en gémissant :

*Castillans de la Castille,
traitez bien les Galiciens;
quand ils partent, ils partent comme des roses;
quand ils reviennent, ils reviennent comme des noirs.*

MATIÈRE POÉTIQUE

1. Lorsque les souvenirs s'estompent
n'offrent plus à la mémoire
que l'écho d'une voix
étrangement familière
comme on voit la pierre
au fond de l'eau
ton récit escamote les traits de l'aimé
dans la lumière où il repose secrètement
séparé incorporé à jamais.

2. Ta voix m'emporte
en sa limpidité,
m'enveloppe,
ressuscite mon regard,
me transporte si loin de moi
inaccessible et proche,
jaillie du cœur,
me soulève m'élève
m'étreint,
paradis chanté
en ce monde d'abandon.

3. Trouver l'issue
à l'inhumanité
consentie contre soi.

Quitter la maison en ruine
ou l'habiter enfin,

retrouver l'usage
d'une autre parole,
renoncer à la mutilation.

MATERIA POÉTICA

1. Cando as lembranzas esvaece
non ofrecen á memoria
senón e eco dunha voz
estrañamente familiar
tal como vemos a pedra
no fondo da auga
o teu relato agocha as pegadas do amado
na luz onde el repousa en secreto
separado para sempre incorpóreo.

2. A túa voz transpórtame
na súa pureza,
envólveme,
resucita a miña ollada,
afástame lonxe e mais lonxe de min,
inaccesíbel e ao tempo próxima,
xorde do corazón,
érgueme,
báteme,
paraíso cantado
neste mundo de abandono.

3. Buscar o fin
da inhumanidade
concedida contra un mesmo.

Deixar a casa en ruínas
ou finalmente vivir alí,

atopar o uso
dunha outra palabra,
renunciar á mutilación.

4. Revient
pour un seul jour
la lumière
de la splendide saison.

Illumination
d'une pensée proche
de l'étonnement :
tu es vivant.

à Jean-Pierre Canon

60

5. Il écoute le grondement
de la nuit
et le froissement de l'invisible
comme un drap qu'on déplie,

couché au pied de la montagne
il fume silencieux
sa vie lui échappe

6. Ceux qui s'en vont
sans un mot
ne laissant rien
que la dépouille
d'un désir délié
de toute attache.

Les anonymes
qui construisirent en vain
une tour de silence,
une ville dévastée
sur l'établi de décembre,

4. Regresa
por un día só
a luz
da espléndida tempada.

Iluminación
dun pensamento semellante
ao abraio:
estás vivo!

a Jean-Pierre Canon

5. Escoita o rumor
da noite
e o ruído do invisíbel
como unha folla despregada,

61

deitado ao pé da montaña,
fuma silencioso
a súa vida se lle escapa.

6. Aqueles que parten
sen palabras
non deixando tras de si
senón os refugallos
dunha vontade desligada
de calquera vínculo.

As persoas anónimas
que constrúen en van
unha torre de silencio,
unha cidade devastada
no banco de decembro,

imposent au souvenir
la distance d'un regard,
à jamais effacé
comme le nom sur la tombe
à l'ombre de la forêt

7. Les convives mélangent
les langues et rient
de leur confusion.

La pauvreté de la table
les rend légers
comme des moineaux.

8. Nous nous ressemblons
pris dans l'étau
de la dispersion.

9. Mémorial de la mélancolie,
myriade de noms
prononcés dans le souffle

et partage d'exil
où l'œil érige un mur
d'écriture sans faille.

Les lettres éparpillées
sur le sol
se chevauchent, s'assemblent,
refluent,
s'accumulent en congères
comme un foule défaite.

impoñen á memoria
a distancia dunha ollada,
borrada para sempre
como o nome na tumba
á sombra do bosque.

7. Os invitados mesturan
idiomas e rin da súa confusión.

A pobreza da táboa
fai que se sintan
coma os pardais.

8. Parecémonos a nós mesmos
na adherencia
da dispersión.

9. Memoria da saudade,
nomes innúmeros
pronunciados no alento

e solidariedade do exilio
onde o ollo ergue un valado
de escritura sen culpa.

As letras espalladas
sobre o chan
superpóñense, xúntanse,
retroceden,
acumúlanse en pequenos grupos
cal multitude derrotada.

10. Nous nous dépouillerons,
nous passerons la frontière
sans autre bagage
que le souffle.

11. Il faudrait sur la tombe,
une poignée de terre natale,
une nappe blanche
comme le ciel.

12. Comme si elle avait oublié
un souvenir heureux,

ses mains soutiennent
sa nuque et son front,
protègent son sourire.

C'est ainsi qu'elle se rappelle,
debout,
dans l'aridité du champ,
ce qui lui échappa.

Un nuage blanc
se dissipe dans le ciel.


Serge Meurant

10. Privarémonos de todo,
pasaremos a fronteira,
sen outra equipaxe
que o ar que expiramos.
11. Debería estar na sepultura,
unha presada de terra natal,
un lenzo branco
como o ceo.
12. Coma se esquecera
unha lembranza feliz,
as súas mans apóianse
na caluga e na fronte,
protexen o seu sorriso.

É deste xeito que se lembra,
en pé,
na aridez do campo,
o que lle nega.

Unha nube branca
disípase no ceo.

Traducido do francés
por **Xavier Queipo**



Ramón Neto

Ramón Neto naceu na Illa de Arousa en 1975. Licenciouse en Filoloxía Inglesa pola USC e dedícase ao ensino da lingua inglesa en Bruxelas, onde reside desde 1998. A súa obra editada até o momento saiu á luz tras ter acadado os premios XM Pérez Parallé, Miguel González Garcés, Illas Sisargas de poesía erótica e Eusebio Lorenzo Baleirón: *A estación única dunha illa*, Espiral Maior, 2010. *As lavandas adaptaciónse a todo erro de navegación*, Deputación da Coruña, 2012. *Dominio público*, Caldeirón, 2014. *Zonas de tránsito*, Sotelo Blanco, 2015. No 2019 sairá publicada na Editorial Galaxia *Minutos para medianoite*, obra escrita en colaboración con Xavier Queipo.

SILENCIO!

A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas;
con un mundo de dudas nos sentidos
i un mundo de tormentos nas entrañas;
sentindo como loitan,
en sin igual batalla,
inmortales deseios que atormentan,
e rencores que matan.
Mollo na propia sangre a dura pruma
rompendo a vena inchada
i escribo..., escribo..., para que? Volvede
ó máis fondo da ialma
tempestosas imaxes!
Ide a morar cas mortas lembranzas;
Que a man tembrosa no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
donde quedou velada?

Poema de
Follas Novas,
1880

SILENCE!

La main fébrile et la poitrine palpitante,
les brumes dans mes yeux condensées,
avec un monde de doutes dans les sens,
et un monde de tourments dans les entrailles,
en sentant se battre
dans un combat sans égal
d'immortels désirs qui tourmentent
et des rancunes qui tuent,
dans mon propre sang je trempe le dur stylo
fendant la veine enflée,
et j'écris..., j'écris..., pour quoi faire? Retournez
aux tréfonds de l'âme,
orageuses images!
Partez vivre avec les souvenirs morts!
Que la main trémulante sur le papier
n'écrive que des *mots* et des *mots* et des *mots*!
De l'idée la forme immaculée et pure,
où fut-elle voilée?

COLLER CORPO

Silencio/Palabra

Silencio que non cala
só quere
dicir todo o contrario de calar.

Voz que non acaba
de dicir para que fiques
á escoita

e sexas ti quen abra
a porta do noso alento ao teu ouvido.

Estas palabras non nos pertencen.

Abrollaron entre xesto e balbucido, na orixe;
tornándose cantar cando correu o sangue.

Chegan a nós de lonxe
no seu percorrido elíptico de búmerang,
inzadas de suor e cuspe, con cansazo
trasnoitado de moitas camas;

quentes aínda de presenzas e ausencias,
mallan no gong
do eco da caixa torácica.

E, ao final, todxs acabamos pasando
por ese Club Silencio,
con rótulo en neon azul indicando a entrada,
onde tarde ou cedo caen
as máscaras detrás do playback.

Dedo que se pousa sobre os beizos
non para pedir un *shhh*
senón para resgalos coa uña.

PRENDE CORPS

Silence/Parole

Silence qui ne se tait pas
qui veut juste
dire tout le contraire de se taire.

Voix qui ne finit pas
de dire pour que tu restes
à l'écoute

et que toi-même ouvres
la porte de notre souffle à ton ouïe.

Ces mots ne nous appartiennent pas.

71

Ils germèrent entre geste et balbutiement, à l'origine;
devenant chant quand le sang a coulait.

Ils arrivent à nous de loin
dans leur trajectoire elliptique de boomerang,
emplis de sueur et salive, avec fatigue
de nuits blanches sur tant de lits ;

chauds encore de présences et absences,
battent dans le gong
de l'écho de la cage thoracique.

Et, au bout du compte, nous finissons tous
dans ce Club Silencio,
avec enseigne en néon bleu indiquant l'entrée,
où tôt ou tard tombent
les masques derrière le playback.

Doigt qui se pose sur les lèvres
pas pour demander un *chuuut*
mais pour les couper avec l'ongle.

Desexo

Ese perda de equilibrio
precisa que nos di cando cómpre zugar
con intensa secreción de saliva ou directamente
morder.

Zume da carne
da lingua que moldeamos
coméndonos as bocas.

Xogo de espellos
co que sempre nos acabamos
cortando.

Sede de milgranda
cos seus grans estourando entre os dentes

facendo saltar as costuras unha a unha
alí onde mesmo a axilidade duns dedos
non dá abasto.

Non te demores
para antes mesmo da chuvia
sermos enxurrada.

Sentidos

O mundo que penetra
os teus sentidos
é tamén unha extensión dos nosos corpos.

Dar coa chave que despeche os nosos vasos comunicantes.

Tarefa común de converter a carraxe en carne viva.

Désir

Cette perte d'équilibre
précise qui nous dit quand il faut sucer
avec intense sécrétion de salive ou directement
mordre.

Jus de la chair
de la langue qu'on moule
en se mangeant les bouches.

Jeu de miroirs
avec lequel on finit toujours
par se couper.

Soif de grenade
avec ses graines éclatant entre les dents

73

faisant sauter les coutures une à une
là où même l'agilité de nos doigts
ne suffit pas.

Ne t'attarde pas
pour que même avant la pluie
nous soyons la crue.

Sens

Le monde qui pénètre
tes sens
c'est aussi une extension de notre corps.

Retrouver la clé qui déverrouille nos vases communicants.

Tâche commune de convertir la rage en chair vivante.

Escoitas o corazón bater
mais chegas a percibir o ruído do sangue?
Memoria de tanta toxina filtrada, diluída.

Eses sentidos só acarician o mundo a contrapelo.

Día claro da carraxe que cortocircuita a palabra
alí onde a beleza é unha forma de opresión.

Entrañas

Este é o corpo do que o mediodía escitilante
só deixa na humidade da sombra o que ferve
por máis
lingua aínda.

74

Costas arqueadas
articulando o ángulo do mergullo

que restitúa ao sistema
nervioso a súa memoria orixinal.

Zugar ou morder
pouco importa
sempre que sexa a contracorrente das sabas.

Reláxate. Nada está baixo control.

Este é o corpo que imos collendo ao perder calado.

O corpo
co que consagramos a carne por inmersión.

Tu entends le cœur battre
mais perçois-tu le bruit du sang?
Mémoire de tant de toxines filtrées, diluées.

Ces sens ne caressent le monde qu'à rebrousse-poil.

Jour clair de la rage qui court-circuite la parole
là où la beauté est une forme d'oppression.

Entrailles

Ceci est le corps dont le midi étincelant
ne laisse dans l'humidité de l'ombre que ce qui brûle
pour plus
de langue encore.

Dos arqué
articulant l'angle de la plongée

qui restitue au système
nerveux sa mémoire originelle.

Sucer ou mordre
peu importe, à condition
que ce soit à contre-courant des draps du lit.

Détends-toi. Rien n'est sous contrôle.

Ceci est le corps que nous prenons en perdant pied.

Le corps avec lequel
nous consacrons la chair par immersion.

Sangue

Rachar as costuras unha a unha – *non*.
Todas dunha vez para que un río beba

e o balbordo dos seus rápidos
se arremuíne nos pregos do corpo.

Fender esa vea
é tamén baleirármonos do eu
e deixar que o mundo nos encha.

O silencio como conciencia do ruído do sangue.

Estas palabras non nos pertencen.
A nós chegaron cargadas de todo
o que enchoupa unhas sabas usadas.
Nós só engadimos unha fina capa
de pel trasnoitada.

Mais esta é a lingua que a túa boca me ofrece
coas súas terminacións venosas inzadas de vida.

Berro collendo corpo nunha arteria que estoura.

E a partir de aí
xa ninguén nin nada pode deter o fluxo do noso sangue.

Ramón Neto, *BXL*, abril-maio 2019,
a partir de media ducia de palabras de "Silencio!"

Sang

Déchirer les coutures une à une – *non*.
Toutes d'un seul coup pour qu'une rivière boive

et le grondement de ses rapides
tourbillonne dans les plis du corps.

Fendre cette veine-là
est aussi nous vider du moi
et laisser que le monde nous remplisse.

Le silence comme conscience du bruit du sang.


Ces mots ne nous appartiennent pas.
Ils nous ont atteints chargés de tout
ce qui trempe des draps usés.
Nous n'avons rajouté que la fine couche
de la peau de nos nuits blanches.

77

Mais celle-ci est bien la langue que ta bouche m'offre
avec ses terminaisons veineuses emplies de vie.

Cri prenant corps dans une artère qui éclate.

Et à partir de là
plus rien ni personne ne peut arrêter le flux de notre sang.



Xavier Queipo

Naceu en Compostela en 1957. Dende 1989 vive e traballa en Bruxelas. Como poeta publicou: *Nos dominios de Leviatán* (1999), *Glosarios* (2004), *Pegadas* (2006) e *Home invisíbel* (2017). Recibiu o Premio da Crítica española en 1991 por *Ártico e outros mares* e o Premio Nacional de Tradución do Ministerio de Cultura en 2014 como membro da equipa que traduciu o *Ulysses* de James Joyce ao galego. Participou en numerosos libros colectivos e antoloxías e traduciu do francés ao galego a Amin Maalouf e Hervé Guibert e do inglés a Conrad e Joyce. Membro fundador do Colectivo de Poetas de Bruxelas.

<http://www.xavierqueipo.gal>

CAMPANAS DE BASTAVALES

*Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.*

Poema de
Cantares Gallegos,
1863

I

Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar.

Cando de lonxe vos oio,
penso que por min chamades,
e das entrañas me doio.

Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira,
i hoxe teño media vida.

Solo media me deixaron
os que de aló me trouxeron,
os que de aló me roubaron.

Non me roubaran, traidores,
ai!, uns amores toliños,
ai!, uns toliños amores.

Que os amores xa fuxiron,
as soidades viñeron...
de pena me consumiron.

BELLS OF BASTAVALES

*Bells of Bastavales,
when I hear you toll,
I die of loneliness.*

I

When I hear you toll,
little bells, little bells,
unwillingly I start to cry.

When I hear you from far away,
I think you are summoning me,
and from my heart I pain.

I complain wounded by pain,
as previously I had a whole life
and today I only have a half .

Only a half they left me
those that brought me from there,
those that stole me from there.

They did not steal, traitors,
Oh!, a crazy love
Oh!, a crazy little love.

Love has already fled,
Loneliness has come...
Sorrow has consumed me.

II

Aló pola mañanciña
subo enriba dos outeiros,
lixeiña, lixeiriña.

Como unha craba lixeira,
para oír das campaniñas
a batalada pirmeira.

A pirmeira da alborada
que me traen os airiños
por me ver máis consolada.

Por me ver menos chorosa,
nas súas alas ma traen
rebuldeira e queixumbrosa.

Queixumbrosa e retembrando
por antre a verde espesura,
por antre o verde arborado.

E pola verde pradeira,
por riba da veiga llana,
rebuldeira e rebuldeira.

III

Paseniño, paseniño,
vou pola tarde calada,
de Bastavales camiño.

Camiño do meu contento;
i en tanto o sol non se esconde,
nunha pedriña me sento.

II

By early morning
I go up to the hillocks
very swift, very swift.

Like a swift goat,
to hear from the little bells
the first toll.

The first one of dawn,
that wee winds bring to me
to see me more comforted.

To see me less tearful,
they carry me in their arms
playful and plaintive.

83

Plaintive and trembling
through the green bushes,
through the green trees.

And through the green grassland,
on the flat meadow,
playful and playful.

III

Very slowly, very slowly,
I go in the quiet evening
on the way to Bastavales.

Way of my happiness ;
and while the sun does not hide,
on a tiny stone I sit.

E sentada estou mirando
como a lúa vai saíndo,
como o sol se vai deitando.

Cal se deita, cal se esconde,
mentras tanto corre a lúa
sin saberse para donde.

Para donde vai tan soia,
sin que aos tristes que a miramos
nin nos fale, nin nos oia.

Que si oíra e nos falara,
moitas cousas lle dixera,
moitas cousas lle contara.

IV

Cada estrela, o seu diamante;
cada nube, branca pruma;
triste a lúa marcha diante.

Diante marcha crarexando
veigas, prados, montes, ríos,
donde o día vai faltando.

Falta o día, e noite escura
baixa, baixa pouco a pouco,
por montañas de verdura.

De verdura e de follaxe,
salpicada de fontiñas
baixo a sombra do ramaxe.

Do ramaxe donde cantan
paxariños piadores
que ca aurora se levantan.

And sitting I watch
how the moon is appearing,
how the sun is setting.

How it is setting, how it is hiding
meanwhile the moon is rushing
whithout knowing where to.

Where it is going so alone,
whithout either speaking to, or hearing us
the sad that look at it.

Because if it heard and spoke to us,
I would say many things to it,
many things I would tell it.

IV

Each star, its diamond;
each cloud, white feather;
sad the moon is marching in front.

It is marching in front clearing meadows,
fields, mountains, rivers,
where the day is missing.

The day is missing, and dark night
is coming down, coming down, little by little,
along mountains of greenness.

Of greenness and foliage,
with little wells scattered
under the shade of branches.

Branches from where
tiny twittering birds,
that get up with dawn, sing.

Que ca noite se adormecen
para que canten os grilos
que cas sombras aparecen.

V

Corre o vento, o río pasa;
corren nubes, nubes corren
camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo:
vanse todos, eu me quedo
sin compañía, nin amigo.

Eu me quedo contemprando
as laradas das casiñas
por quen vivo suspirando.

Vén a noite..., morre o día,
as campanas tocan lonxe
o tocar da *Ave María*.

Elas tocan pra que rece;
eu non rezo, que os saloucos,
afogándome parece
que por min tén que rezar.
Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.

That at night doze off
so that crickets, that with shades
appear, chirp.

V

The wind is rushing, the river is flowing.
Rush clouds, clouds rush
on the way to my home.

My home, my shelter;
Everyone is going away, I stay
without company or a friend.

I stay watching
the hearth fires of the little houses
for which I live sighing.

87

Night is coming..., the day is dying,
the bells are tolling toll from far away
the tolling of *Hail Mary*.

They are tolling for me to pray;
I don't pray as my sobs
choking me seem
to have to pray for me.
Bells of Bastavales,
when I hear you toll,
I die of loneliness.

Traducción ao inglés de
María Reimóndez
e **Manuel Armas**

DOR FERIDA

(Análise estrutural de Campanas de Bastavales)

I. Primeira fase: deconstrución psicolóxica.

Lembranza: As campás de Bastavales desatando a rememoración dos amores fuxidos (verdadeiros? soñados? finxidos?) Dor ferida que asolaga as entrañas. Desestructuración progresiva. Ideas autoreferenciais. Bipolaridade extrema.

Alborexar: Camiñar aloucado coa frescura da mocidade. Rituais ensaiados para centrar o mundo. Ansiedade por escoitar a badalada primeira. Placebo na curación polo son distante das campás. Leticia finxida en reacción a contrario.

Soño: Dromomanía como terapia. Marcha sen compás, insegura na ocasión (paseniño, paseniño). Camiño do amado que non é senón ficción. Alucinación na pedra do destino. Diálogo soñado coa lúa danzante e triste.

A viaxe da lúa: Seguindo a viaxe equinoccial da lúa, sentindo o movemento en ilusión óptica repetida. Brote psicótico no acordar entre paxariños piadores que non son, que non están, que só na súa mente fantástica.

Retorno: Consciencia do retorno ao refuxio umbilical. Contemplación aloulada na remisión do delirio, onde as campás tocan en exclusiva chamando pola oración e a piedade.

Corolario: O amor romántico como cerne do desequilibrio, do sufrimento por alguén que se cadra non merece tal devoción.

DOLOR LACERANTE

(Análisis estructural de "Campanas de Bastavales")

I. Primera fase: deconstrucción psicológica.

Recuerdo: Las campanas de Bastavales desatando la rememoración de los amores perdidos (¿Verdaderos? ¿Soñados? ¿Fingidos?). Dolor lacerante que invade las entrañas. Desestructuración progresiva. Ideas auto referenciales. Bipolaridad extrema.

Alborear: Caminar alocado con la frescura de la juventud. Rituales ensayados para centrar el mundo. Ansiedad por escuchar la primera campanada. Placebo en la curación por el sonido distante de las campanas. Alegría fingida en reacción a contrario.

Sueño: Dromomanía como terapia. Marcha sin brújula, insegura en la ocasión (despacito, despacito). Camino del amado que no es sino ficción. Alucinación en la piedra del destino. Diálogo soñado con la luna danzante y triste.

El viaje de la luna: Siguiendo el viaje equinoccial de la luna, sintiendo el movimiento en ilusión óptica repetida. Brote psicótico al despertar entre pajaritos piadores que no son, que no están, que tan solo en su mente fantástica.

Retorno: Consciencia del regreso al refugio umbilical. Contemplación desquiciada en la remisión del delirio, donde las campanas tocan en exclusiva llamando por la oración y la piedad.

Corolario: El amor romántico como esencia del desequilibrio, del sufrimiento por alguien que quizás no merece tal devoción.

II. Segunda fase: re-construción cega (psicodrama ou monólogo interior en transposición psicanalítica, para entender a esencia da dor ferida)

Ti ben sabes Rosalía que nos amores soñados se agochan ilusiões virtuais. O que non é e quixeramos que fose.

Ti ben sabes, coma eu sei, que non hai homes máis garridos que os rapaces de Amaía, non hai caraveis máis sentidos na frescura dos seus peitos, no refulxir dos seus ollos, na afouteza do seu ser.

Ti ben sabes que as campás –todas elas– falan dun tempo ido, da mocidade perdida, da pulsión aloucada do amor romántico.

Eu ben sei que na nenez do espírito –a calquera idade–, nas tardes de verán caladas, cando o lusco fusco precede á chegada da lúa (*como a lúa vai saíndo, como o sol se vai deitando*); a soidade ataca a traizón e daquela ti e mais eu, sentados na pedra do destino, entre ulmeiras e sanguiños, centro do noso mundo, exhaustos do deambular maníaco tiñamos e temos conforto no soño distraído.

Ti non estabas soíña e eu soíño non estaba, pois na compañía da lúa acubillo e agarimo encontrabamos, sentindo o recendo da noite e o son triste das campás que nos facían lembrar aqueles olliños riseiros que para nós non miraban.

Ti ben sabes Rosalía dos rapaces de Amaía, dos ollares fuxidíos, dos corpos fervendo en desexo, da dor ferida que axexa en cada recanto da noite estrelecida.

Ti ben sabes e eu ben sei daqueles amores toliños que regresan da memoria, como estrelas cadentes cando sentamos na pedra do destino, observando a lúa danzar.

II. Segunda fase: re-construcción ciega (psicodrama o monólogo interior en transposición psicoanalítica, para entender la esencia del dolor lacerante)

Tú sabes bien Rosalía que en los amores soñados se esconden ilusiones virtuales. Lo que no es y quisiéramos que fuese.

Tú sabes bien, como yo sé, que no hay hombres más garridos que los muchachos de Amaía, no hay claveles más sentidos en la frescura de sus pechos, en el brillo de sus ojos, en la fortaleza de su ser.

Tú sabes bien que las campanas –todas ellas– hablan de un tiempo ido, de la juventud perdida, de la pulsión alocada del amor romántico.

Yo sé bien que en la niñez del espíritu –independientemente de la edad–, en las calladas tardes de verano, cuando el ocaso precede a la llegada de la luna (*como va saliendo la luna, como se va acostando el sol*); la soledad ataca a traición y entonces tú y yo, sentados en la piedra del destino, entre olmos y arbustos de arraclán, centro de nuestro mundo, exhaustos del deambular maniaco, teníamos –y aún tenemos– consuelo en el sueño distraído.

91

Tú no estabas sola y solo yo no estaba, pues en compañía de la luna encontrábamos cariño y refugio, sintiendo el aroma de la noche y el triste sonido de las campanas que nos hacían recordar aquellos ojitos sonrientes que para nosotros no miraban.

Conoces bien Rosalía a los muchachos de Amaía, sus miradas, los cuerpos hirviendo en deseo, el dolor lacerante que acecha en cada rincón de la noche estrellada.

Conoces bien y yo también, aquellos amores loquitos que regresan de la memoria, como estrellas fugaces cuando nos sentamos en la piedra del destino, observando a la luna danzar.

III. Terceira fase: destilación dun poema tal vez prescindíbel

Paseniño, paseniño, procurando o meu caro amor, vou andando o duro camiño.

Camiño de perdición seguindo os ollos toliños dun amor que é de ficción.

Ficción da lúa a danzar, paseniño, paseniño, as badaladas a soar.

Paseniño, paseniño, unha ilusión argallando, de Bastavales camiño.

Camiño que nos ha levar, seguindo o ronsel da lúa, cara á dor del non estar.

Non estar á beira miña, agarimándome os ollos, co seu ollar de andoriña.

Tardes caladas de solpor, as campás van achegando o recendo triste do amor.

Dese amor que trae o vento prendido no son vedraño, que a lúa muda en lamento.

Lamento de muller soíña, que soíña non estabas, no ceo a lúa danzaba,
[paseniño, paseniño,
procurando o noso amor, andando o noso camiño. Paseniño, paseniño.

IV. Cuarta fase: síntese

Quéreme, non me quere nun malmequer que é sempre impar, margarida trucada á que arrincamos pétalas sen contar. *Car je suis plein de mots*, direi só unhas poucas liñas. Despois da medianoite –sabes– coa lúa chea que move mareas, que reodena colleitas e fai xurdir o dorso arxenteo dos peixes na ardora, ti e mais eu, décadas por medio, berrando na noite a nosa dor ferida.

Xavier Queipo,
Bruxelas maio 2019

III. Tercera fase: destilación de un poema tal vez prescindible

Despacito, despacito, buscando a mí caro amor voy andando el camino extremo.

Camino de perdición, siguiendo los ojos loquitos de un amor que es de ficción.

Ficción de la luna danzando, despacito, despacito, y las campanas sonando.

Despacito, despacito, una ilusión maquinando, camino de Bastavales.

Camino que nos ha de llevar, siguiendo la estela de la luna, hacia el dolor de él no estar.

No estar a mi lado acariciándome los ojos, con su mirada de golondrina al pasar.

Tardes calladas de ocaso, las campanas van trayendo el aroma triste del amor.

De ese amor que trae el viento prendido en el sonido antiguo, que la luna muda en lamento.

93

Lamento de mujer solita, que solita tú no estabas, la luna danzaba en el cielo,


[despacito, despacito,

buscando nuestro amor, andando nuestro camino. Despacito, despacito.

IV. Cuarta fase: síntesis

Me quiere, no me quiere en una margarita que es siempre impar, corola trucada a la que arrancamos pétalos sin contar. *Car je suis plein de mots*, diré solo unahs palabras.

Después de medianoche –sabes– con la luna llena que mueve mareas, que reordena cosechas y hace surgir el dorso argénteo de los peces en un reflejo que hiere en luz, tú y yo, décadas por medio, gritando en la noche nuestro dolor lacerante.



Silvia Vainberg

Naceu en Buenos Aires, Arxentina, e reside en Bélxica desde 1980. Formada na Escola de Danza do Teatro Colón. Estudante de Arquitectura. Danzarina en varias compañías de Buenos Aires, coreógrafa e profesora de danza. Explora diversas facetas da arte quer como poeta, quer como artista plástica. O seu traballo pictórico expónse desde 1985. Da súa obra poética podemos citar: *De la Selva quejumbrosa estremecida* –(*De la forêt ombreuse et frémissante*)– Ed. L'Arbre à Paroles et Ecrits des Forges (Bilingüe) Canadá-Belgique, 2005. *De ese tazón vacío-Encarnación*. (*De ce bol vide-Encarnation*) Ed. L'Arbre à Paroles – trad. F. Chenot, 2010. *Material de Infinito* (*Matériel d'Infini*), 2017. Convidada ao Festival Internacional de Poesía de Rosario (Arxentina) e á Bienal Internationale de Poésie de Liège (Bélxica).

BUSCA Y ANHELA EL SOSIEGO

Busca y anhela el sosiego...,
mas... ¿quién le sosegará?
Con lo que sueña despierto,
dormido vuelve a soñar;
que hoy, como ayer y mañana
cual hoy en su eterno afán
de hallar el bien que ambiciona
—cuando sólo encuentra el mal—
siempre a soñar condenado,
nunca puede sosegar.

Poemas de
En las orillas del Sar,
1884

DEL RUMOR

Del rumor cadencioso de la onda
y el viento que muge;
del incierto reflejo que alumbra
la selva o la nube;
del piar de alguna ave de paso;
del agreste ignorado perfume
que el céfiro roba
al valle o a la cumbre,
mundos hay donde encuentran asilo
las almas que al peso
del mundo sucumben.

PROCURA E ARELA O SOSEGO

Procura e arela o sosego...,
Mais... quen o sosegará?
Co que soña acordado,
durmido volve soñar.
que hoxe como onte, e mañá
igual que hoxe, na súa ansia eterna,
de atopar o ben que el arela
-cando só encontra o mal-,
sempre a soñar, condenado,
nunca pode sosegar.

DO RUMOR

Do rumor cadencioso da onda
e o vento que ruxe;
do incerto reflexo que alumea
a foresta ou a nube;
do chilreo dunha ave de paso;
do agreste ignorado recendo
que o céfiro rouba
ao val ou ao cumio,
mundos hai onde encontran asilo
as almas que ao peso
do mundo sucumben.

MIENTRAS EL HIELO LAS CUBRE

Mientras el hielo las cubre
con sus hilos brillantes de plata,
todas las plantas están ateridas,
ateridas como mi alma.

Esos hielos para ellas
son promesa de flores tempranas,
son para mí silenciosos obreros
que están tejiéndome la mortaja.

MENTRES AS COBRE O XEO

Mentres as cobre o xeo
cos seus brillantes fíos de prata,
todas as plantas aterecidas,
aterecidas coma a miña alma.

Eses xeos para elas
son promesa de flores temperás,
son para min silencios obreiros
que tecendo están a mortalla.

Tradución do castelán
por **Xavier Queipo**

BUSCANDO DESCANSAR

Buscando descansar
la mirada escruta
los círculos ajenos del sueño
sometida a las luces y desechos eternos;
no hay fin bajo los ojos arañosos
por una intimidad sin fondo
ni el anhelo de una caricia
para la melancolía
sin sosiego alguno.

100

CON EL RUMOR DEL VIENTO

Con el rumor del viento
un pájaro de otro cielo
de otro silencio inefable
sigue el reflejo de una luz
que revela su espectro coral
y de blancura ardiente
verde-azulada
alumbrando el alma de
un hombre que avanza
con paso extraviado.
¿Pero quién enciende
la cadencia de sus latidos por
el sembradío de los errantes
que no encuentran asilo?

PROCURANDO DESCANSAR

Procurando descansar
a ollada esculca
os círculos alleos do soño
sometida ás luces e os refugallos eternos;
non hai fin baixo os ollos rabuñados
por unha intimidade sen fondo
nin no anxeio dun agarimo
para a melancolía
sen sosego posíbel.

101

CO RUXERRUXE DO VENTO

Co ruxerruxe do vento
un paxaro doutro ceo
doutro silencio inefábel
segue o reflexo dunha luz
que revela o seu espectro coral
e de albura ardente
azul averdada
alumeando o alma
dun home que avanza
con paso atrapallado.
Mais quen acende
a cadencia dos seus latexos
polo espallamento dos errantes
que non atopan acubillo?

PÉTALOS NACARADOS


Pétalos nacarados
por la luminosidad
recogen desde la base
profunda de una flor
el zumo de las entrañas
de un erial color siena,
como un alumbramiento
que desconocemos
bajo el sudario de hielo.

Silvia Vainberg

PÉTALAS ANACARADAS

Pétalas anacaradas
pola luminosidade
recollen dende a base
profunda dunha flor
o zume das entrañas
dun ermo da cor siena,
coma unha epifanía
que descoñecemos
baixo o sudario de xeo.

Tradución do castelán
por **Xavier Queipo**



Bart Vonck

Naceu en Bruxas, Bélxica, en 1957. É poeta, tradutor de poesía e crítico literario. O seu poemario máis recente, *Kijk : verschaving*, publicouse en 2017 na Editorial P (Lovaina). Vonck escribe en neerlandés e de cando en vez en francés. O seu poemario anterior *Teloor, zalig* (Ed. P, 2014) recibiu o Premio de Poesía da Provincia de Flandres Occidental, traducido ao francés como *En perte, délicieusement* (Le Cormier, 2018). O poemario *Wanvuur* (Ed. P, 2008) traducíuse ao francés como *Malfeu* (2012, Le Cormier). Traballa como tradutor, sobre todo de poesía, a partir do castelán, francés e portugués ao neerlandés e do neerlandés ao francés (e ás veces ao castelán). Traduciu poesía de Federico García Lorca, César Vallejo, Pablo Neruda, Antonio Gamoneda, Chantal Maillard, J.L. Ortiz, F. Jacqmin, G. Vaes e Henri Michaux.

NEGRA SOMBRA

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pe dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.
Cando maxino que es ida
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila
i eres o vento que zoa.
Si cantan, es ti que cantas;
si choran, es ti que choras;
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.
En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

Poema de
Follas Novas,
1880

OMBRE NOIRE

Quand je pense que tu es partie,
ombre noire qui m'assombrit,
au pied de mon chevet
tu reviens te moquer.
Quand j'imagine que tu t'en es allée,
dans le soleil même tu réapparaîs,
tu es l'étoile qui scintille,
tu es le vent qui siffle.
Si l'on chante, c'est toi qui chante;
si l'on pleure, c'est toi qui pleure;
tu es le murmure du fleuve,
tu es la nuit, tu es l'aurore.
Tu es en tout et tu es tout,
pour moi et en moi tu demeures,
jamais tu ne me quitteras
ombre qui me plonge dans le noir.

107

Tradución ao francés
de **Ramón Neto**

HERSTICHTING VAN DE ZWARTE SCHADUW

(1)

Zwarte schaduw die de kennis van de wereld groter maakt,
aantrekkelijk zwart gat waarin de tijd verdwijnt – ik dacht,
Rosalía, toen ik je las, dat klare dag gekomen was,
maar schaduw vlerkte op, zette zich in mijn ogen vast,
een vaardige nacht die dag verdaagde; jij, schaduw, Rosalía,
in alles zwart en alles zwart in jou voor wie jou wil her-
stichten in een andere taal. Jij glipt weg, weg blijf jij en
toch mij zo nabij dat ik geen woorden vind tenzij, Rosalía:
overal ligt git te rapen maar ik krijg dat zwart agaat niet in een taal gevat.

(2)

Ik houd mijn adem tot de ochtend in en uit; zoals het
zwart op wit moet zijn is het niet meer. Als innig dons
legt zich een vogelvleugel op mijn oog; zo zie ik heerlijk
zwart, en blind, waaruit het nachtpauwoogje werd
verjaagd. Zo'n zwarte schaduw plooit de wereld in mij
uit, het zwarte gat van ongekende, ongerepte verte:
jij ziet in mij wat ik niet zie in jou. In Rosalía prevelt
een rivier van schaduw die mij zwart maakt bij het licht.
Zwart is de tong waarmee ik word bespot, waarmee mij
woordelijk de verste verte wordt ontzegd. Taal doet
in zwart en zwijgen meer dan ik van jou, Rosalía,
verwachten mag.

REFUNDACIÓN DA NEGRA SOMBRA

(1)

Sombra negra que estende o coñecemento do mundo,
atraente buraco negro onde o tempo se esvaece – pensei,
Rosalía, cando te lin, que o día claro chegara,
mais a sombra estalou, chantouse nos meu ollos,
noite áxil que adiou o día; ti, sombra, Rosalía,
en todo negro e todo negro en ti para quen queira re-
fundarte noutra lingua. Foxes lonxe, lonxe ficas e porén
tan preto de min que non atopo outras palabras agás, Rosalía:
en todas partes xace o acibeche, mais non chego a conter
[esa negra ágata
nunha lingua.

109

(2)

Reteño o meu alento até a mañá, dentro e fóra; como debe
ser, negro sobre branco, xa non é. Unha á de paxaro
xace no meu ollo como lanuxe íntima; así vexo exquisitamente
negro, e cego, desde onde o pavón nocturno foi
escorrentado. Así unha negra sombra en min o mundo
desprega, o buraco negro dunha distancia insólita, prístina:
ti ves en min o que eu non vexo en ti. En Rosalía rosma
un río de sombra que me denigra ante a luz.
Negra é a lingua coa que de min se mofan, coa que me negan
palabra por palabra a máis distante das distancias. A lingua
fai en negro e en silencio máis do que eu, Rosalía,
de ti podo esperar.

(3)

Ja, de vogel met de zwarte vleugel legt in mijn wakend oog een ei. Van onvoltooing is het laatste woord en binnenkant van licht. Buiten ons gaan oude tijden om en om tekeer in ons. Woel in ons om, Rosalía, woed in ons als onze woorden zwart in wit worden gebroken. De gulzige schaduw die mij schuwt, die gretig mij aan jou getrouw maakt, die onvoltooid het laatste woord heeft afgelegd, en zelfs het alledaagse is een vlek.

(4)

110

Inktzwart drupt uit jouw ogen woord voor woord de zwarte schaduw; kijk: Rosalía ziet de laatste vogel sterven. Murmelt een rivier haar oever weg, en loopt verloren in het blakend landschap in je oog. Daar zie ik niets, daar is het vlees de cel van taal, een hete druppel op een veel te hete plaat. En in jouw zwarte hand het onbetaalbare gat, de zwarte schaduw in het vers: het wordt al dag, het is nog lang niet klaar.

Bart Vonck,
Brussel, april-mei 2019

(3)

Si, o paxaro da á negra pon no meu vixiante
ollo un ovo. Un nunca acabar é a última palabra, no in-
terior da luz. Fóra de nós, os vellos tempos barballan
en nós. Escava en nós, Rosalía, desata a rabia en nós mentres,
negro no branco, as nosas palabras creban. Voraz sombra que
me elude que, cobizosa, me fai fiel a ti, que, inacabada,
amortallou a última palabra e, mesmo o cotiá,
é unha mancha.

(4)

Negra como tinta, palabra por palabra, pinga dos teus ollos
a negra sombra; olla: Rosalía ve o último paxaro
morrer. Murmura un río na súa ourela e pérdese
na radiante paisaxe do teu ollo. Alí
nada vexo, alí a carne é a célula da linguaxe,
unha gota quente nun prato demasiado quente.
E na túa man negra o impagábel buraco,
a negra sombra no verso: comeza xa a clarear,
ben lonxe aínda do desenlace.

111

Traducido do neerlandés
por **Ramón Neto**

Índice de poetas





Pax.

Taha Adnan	21
Frank de Crits	37
Geert van Istendael	43
Serge Meurant	49
Ramón Neto	67
Xavier Queipo	79
Silvia Vainberg	95
Bart Vonck	105



A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO